



GOBIERNO CIVIL

DE

PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANDO COMÚN

N.º _____	RI.º _____
-----------	------------

Asistentes:

Presidente: Ilmo. Sr. D. Manuel Landeiro
Piñeiro (Vicepresidente).

Vocales:

Don José Vázquez Alvarez.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Pedro Rial López.
Don José Luis de la Torre Nieto.

Vocales Montes:

Don Manuel J. Sobral Lourido.

Secretario:

Don Manuel Ezquieta Fernández.

---oOo---

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die-

ciocho horas del día vein-

tiseis de mayo de mil nove-

cientos ochenta y dos, con asistencia de los señores que al margen se

expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano

Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indi-

ca, sito en el término municipal de S O T O M A Y O R, y

.../...



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

E/P/E. JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

RF.º 5-11-2

Excmo. Sr.:

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 16 montes radicados en el Ayuntamiento de Sotomayor, entre los que figura el denominado Puntal y Mesacha que se describe de la forma siguiente:

Nombre de monte: PUNTAL Y MESACHA.
Cabida: 20 Has.
Límites:
Norte: (Enclavadas entre fincas particulares por sus cuatro
Este: linderos).
Sur:
Oeste:

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 7 de mayo de 1979, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 16 montes radicados en el Ayuntamiento de Sotomayor.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Redondela la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Sotomayor, así como a todos los vecinos interesados en la clasificación del monte, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 114 de fecha 19 de mayo de 1979, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Sotomayor, se ha personado en el expediente haciendo constar que por acuerdo del pleno de la Corporación de fecha 8 de agosto, esta se pronuncia en el sentido de que los montes sitos en el Ayuntamiento se clasifiquen como de mano común.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Sotomayor no se personó en el expediente.

RESULTANDO: Que la Asociación de Vecinos "O Castelo" de Sotomayor se personó en el expediente aportando: a) datos sobre los montes de la parroquia en cuanto a nombres y linderos. b) Copias de los documentos que obran en el Archivo Histórico, como son el Libro Real de Legos y la relación de montes exceptuados de la desamortización en la que se consignan los de las parroquias de Arcade y Sotomayor, con expresión de los nombres por los que son conocidos. Esta Asociación interesa que se clasifique como de la parroquia de Sotomayor el monte denominado Silvoso, y que los montes se adjudiquen por parroquias para que posteriormente la Junta Vecinal haga el reparto por lugares.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta propuesta está inscrito en el Registro de la propiedad a favor del Ayuntamiento.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º _____

Rf.º 5-11-2

RESULTANDO: Que el monto fué entregado a la libre disposición del Ayuntamiento en cumplimiento de las Instrucciones de 17 de octubre de 1925.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado de fecha 22 de noviembre de 1979 se aplazó la resolución de este expediente ante dudas surgidas con los linderos.

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1980 y el Reglamento para su aplicación en lo que no se oponga a esta Ley; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1980 de Montes Vecinales en Mano Común, incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia de Pontevedra del año 1847, figuran los de las parroquias de ~~Sobor~~ como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondiente registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio catálogo de montes de la provincia, la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar las situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º

RI.º 5-11-2

dica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forcstal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 al 7 de la Ley citada, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

CONSIDERANDO: Que la petición de los vecinos de dividir los montes por la Junta Vecinal asignando el correspondiente a cada lugar crearía problemas al ser asignada la clasificación a la parroquia, mientras que podrá perfeccionarse la clasificación con los oportunos deslindes a cargo de la Administración.

CONSIDERANDO: Que de momento no es posible precisar con más exactitud los linderos de los montes.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES PUNTAL Y MESACHA

TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL PRIMER RESULTANDO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE XESTEIRA DE LA PARROQUIA DE ARCADE DEL TERMINO MUNICIPAL DE SOTOMAYOR, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Término de Pontesampayo



N-550, trozo de La Coruña a Redondela



Término de Redondela

461	FILOLOXÍA HISPÁNICA (GALAICO-PORTUGUESA) (MÉRITO)
462	MESTRE (COA HABILITACIÓN DE LINGUA GALEGA, ORDE 25-11-1997, DOG Nº 246) (MÉRITO)
493	LICENCIADO EN CIENCIAS DA INFORMACIÓN (MÉRITO)
494	LICENCIADO EN SOCIOLOXÍA (MÉRITO)
497	LICENCIADO EN ECONÓMICAS (MÉRITO)
499	TITULADO SUPERIOR (MÉRITO)
500	LCDO. DEREITO/ECONÓM./EMPRESAR. (MÉRITO)
501	LCDO. DEREITO (MÉRITO)
504	LCDO. PSICOLOXÍA (MÉRITO)
506	LICENCIADO EN ECONÓMICAS/EMPRESARIAIS (MÉRITO)
523	DIPLOMA DE DIRECTIVO (MÉRITO)
533	DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS (MÉRITO)
620	EXPERIENCIA NO DESEÑO DO SISTEMA DE CALIDADE DA XESTIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (MÉRITO)
622	FORMACIÓN EN AUDITORÍA DE SISTEMAS DE XESTIÓN DA CALIDADE IMPARTIDA POR ENTIDADE ACREDITADA POLA ENAC OU FORMACIÓN EN MODELO EFQM IMPARTIDA POR ENTIDADE AVALIADORA E CERTIFICADORA DO DITO MODELO (R.I.)
623	OUTROS CURSOS VENCELLADOS COA MATERIA DE CALIDADE DA XESTIÓN E AVALIACIÓN DE POLÍTICAS PÚBLICAS (MÉRITO)
640	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.)
641	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO (R.I.)
649	EXPERIENCIA TRADUCIÓN ENTRE GALEGO E CASTELÁN (MÉRITO)
651	EXPERIENCIA SERVIZOS OFICIAIS DE TRADUCIÓN (MÉRITO)
652	EXPERIENCIA EN XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA (MÉRITO)
686	EXPERIENCIA PLANIFICACIÓN-XESTIÓN EXPEDIENTES ECONÓMICOS E TÉCNICOS DE OBRAS (MÉRITO)
714	EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE EXPEDIENTES DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS. EXPERIENCIA EN TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO E XESTIÓN ORZAMENTARIA. EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE FONDOS ESTRUTURAIIS COMUNITARIOS (MÉRITO)
822	EXPERIENCIA TRAMITACIÓN NÓMINAS, XESTIÓN DA SS.SS. E MANEXO BASES DE COTIZACIÓN (MÉRITO)
832	EXPERIENCIA EN PERITO CALÍGRAFO (R.I.)
833	COÑECIMENTOS MECÁNICOS E ELECTRICIDADE DO AUTOMÓBIL (R.I.)
839	EXPERIENCIA EN XESTIÓN E CONTROL DE FONDOS COMUNITARIOS (MÉRITO)
891	EXPERIENCIA EN EDICIÓNS/PUBLICACIÓNS (MÉRITO)
954	PERMISO CONDUCIR B (R.I.)
970	LICENCIADO/A EN BIBLIOTECONOMÍA (MÉRITO)

CÓDIGO-DESCRIPCIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

A11	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA.
A12	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA. E ADMINISTRACIÓN LOCAL
A13	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA. E ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
A14	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA. E FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO
A17	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA. E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
A20 (3)	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E C.C.AA. E ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
AXG	ADSCRIPCIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA

CÓDIGO-DESCRIPCIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS

B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE
B11	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE
B12	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE RESPONSABILIDADE
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE
B20	COMPLEMENTO SALARIAL DE DIRECCIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 18 de decembro de 2008 pola que se aproba o deslindamento do monte veciñal en man común de Puntal e Mesachá, no concello de Soutomaior (Pontevedra), pertencente á Comunidade de Montes da Xesteira.

Examinado o expediente de deslindamento do monte veciñal en man común de Puntal e Mesachá, no concello de Soutomaior (Pontevedra), pertencente á Comunidade de Montes da Xesteira, e tendo en conta os seguintes.

Antecedentes de feito:

Primeiro.-Os montes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Xesteira, parroquia de

Arcade, concello de Soutomaior, foron clasificados a favor da dita comunidade por acordo do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 26 de maio de 1982. A resolución de clasificación describe conxuntamente os montes Puntal e Mesachá e a súa cabida da seguinte forma:

Nome do monte: Puntal e Mesachá.

Cabida: 20 ha.

Estremas: predios particulares nas súas catro estremas.

Segundo.-A comunidade de montes propietaria destes montes solicitou o deslindamento o 10 de xaneiro de 2002. Declarouse o estado de deslindamento dos montes Puntal e Mesachá por anuncio publicado no BOP de Pontevedra do 20 de febreiro de 2003.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais aprobou a realización do deslindamento o 10 de febreiro de 2005. O 11 de outubro de 2005, anúnciase mediante edicto publicado no DOG o comezo do deslindamento, noméase a Guillermo Vega Alonso enxeñeiro operador e fíxase como data de comezo do apeo o día 16 de xaneiro de 2006. Iníciase o prazo legal de presentación de documentación. O 14 de outubro de 2006 notificouse persoalmente aos propietarios coñecidos o comezo do deslindamento, así como ao concello e á comunidade propietaria. Enviouse tamén ao concello edicto para a súa publicación no taboleiro de anuncios. Durante o prazo de presentación de documentos recibíronse 58 escritos, que se remitiron ao Gabinete Xurídico Territorial de Presidencia.

O día 16 de xaneiro de 2006 o enxeñeiro operador elaborou acta e suspendeu o apeo ao non recibir o informe preceptivo do Gabinete Xurídico Territorial de Presidencia referente á clasificación dos documentos presentados. O día 10 de febreiro de 2006 recibíuse o informe preceptivo do Gabinete Xurídico Territorial de Presidencia. O día 3 de maio de 2006 noméase enxeñeiro operador a Teodoro Arribas Serrano en substitución de Guillermo Vega Alonso.

Con data do 9 de xuño de 2006 o enxeñeiro operador emitiu informe sobre recoñecemento e clasificación de predios ou dereitos conforme o artigo 102 do Regulamento de montes. O xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra aproba a devandita clasificación o 13 de xuño de 2006. Solicitouse ao Rexistro da Propiedade de Redondela a anotación de deslindamento e a práctica de anotación preventiva de deslindamento sobre os predios afectados.

Anunciouse o reinicio do deslindamento mediante edicto publicado no DOG do 15 de maio de 2006.

O enxeñeiro operador no seu informe de clasificación de predios e dereitos do 9 de xuño de 2006 fai a seguinte clasificación:

Letra A) Predios ou dereitos amparados en títulos presentados e cuxos titulares realizaron a súa adquisición con todos os requisitos establecidos no artigo 34 da Lei hipotecaria, os presentados por Antonio Ferreiro González, Valentina Cayetano Cayetano.

Letra B) Predios ou dereitos cuxos títulos foron presentados e que, aínda que a adquisición non se realizase cos requisitos previstos no citado artigo 34, considera que, en principio, non pertencen ao monte, as presentadas por Ángela Martínez Valladares, Josefa Dacuña Barreiro, Antonio Martínez Falcón, Juan Ángel Rodríguez Sobral, Asunción Lorenzo Pérez, Lidia Martínez Pereira, Celestino Dacuña Barreiro, Lino Pereira Acebedo, Dolores Carballo Oroza, Manuel Castellano Álvarez, Elisa Lema Míguez, Josefa Franco Martínez, Emilio Alejandro Fernández Lalín, Ramona Vidal Martínez, Enrique Rodríguez Sobral, Sonia M^a Rodino Fernández, Esteban Aguión Peteiro, Carmen Parada Garrido.

Letra C) Predios cuxos títulos foron presentados e respecto dos que si existen indicios suficientes de que poderían pertencer total ou parcialmente ao monte. As presentadas por Evaristo Gómez Martínez e outra, Consuelo Sobral Barreiro, Carmen Omil Sobral, Francisco Porto Sobrino, Isabel Parada Castellano, Victoria Parada Castellano, Isabel Torres Juncal, Belén Sotelino Sotelino, Isaura Acebedo Hermo, Camila Costas Piñeiro, José Antonio Pereira Acebedo, Evaristo Sotelino Sotelino e outra, José Fernández Pérez, Jesús Orge Álvarez, Josefa Generosa Álvarez Costas, Joaquina Martínez Sobral, Juan Carlos Aguión Fernández, José Ángel Miñán Rodiño e outra, Juan Conde Comesaña, José Antonio Rodiño Barreiro, Juan Fernando Ribeiro Núñez, José Orge Bouzón, Lino Pereira Costas, M^a del Mar Orge Lorenzo, Manuel Martínez Lusquiños e outro, Moisés Pérez Orge, Manuel Martínez Míguez, Enriqueta Míguez Lage, Manuel Seoane Lorenzo, Joaquina Martínez Míguez, María Aguión Peteiro, José Antonio Dacuña Rodríguez, María Omil Sobral, José Antonio Pereira Saborido, Nieves Martín Rodiño, Nieves Rodino, Raquel Celerina Lafuente Tauriño, Ricardo Míguez Fuentes.

Grupo D) Predios cuxos títulos non foron presentados no prazo legal e sobre os que se ofrecen indicios de que podería pertencer ao monte, os presentados por Carmen Acebedo Hermo, Jesús Orge Míguez, Manuela Pérez Alcalde, Dolores Reguera Vidal, Jesús Fuentes Pérez, Julio Rodiño Táboas, José Vidal Martínez, Antonio Couto González, M^a del Carmen Barreiro Vidal, José Luis Mos Fernández, José Manuel Martínez Míguez, Emilio Vidal Álvarez, Eudisia Orge Míguez, M^a Agustina Martínez Vidal.

Fixouse como data de comezo o 15 de xuño de 2006. Notificouse debidamente tanto aos propietarios coñecidos coma á comunidade e ao concello o comezo do apeo.

Terceiro.-O apeo iniciouse o 15 de xuño e rematou o 10 de novembro de 2006. O enxeñeiro operador

emitiu o seu informe o 13 de decembro de 2006. O 12 de marzo de 2007 publícase no DOG edicto polo que se abre período de vista do expediente.

O 13 de marzo de 2007 notifícase á comunidade propietaria, aos estremeiros coñecidos e ao Concello de Soutomaíor o comezo do período de vista.

Cuarto.-Durante o período de vista presentáronse 16 reclamacións que foron enviadas ao Gabinete Xurídico Territorial para o seu informe, de acordo co artigo 122 do Regulamento de montes.

O 26 de xuño de 2007 o letrado de Presidencia emitiu o seu informe. Dase traslado do informe xunto coa documentación presentada á comunidade propietaria do monte, para que de conformidade co artigo 124 do Regulamento de montes manifieste se accede ou non as pretensións deducidas. O 2 de agosto de 2007 recibíuse o informe da comunidade de montes. Vistos os informes do Gabinete Xurídico Territorial e da Comunidade de Montes Veciñais en man común da Xesteira:

Acéptase a reclamación presentada por Josefa Generosa Álvarez Costa por existir un acordo coa comunidade de montes.

Denéganse todas as demais reclamacións presentadas por non teren ningún apoio documental, por canto manteñen simples manifestacións que non están baseadas en documentación ningunha, xa que se refiren a posibles apropiacións do monte, sen título lexítimo, non existindo, segundo consta no informe do enxeñeiro operador e nas actas do apeo, sinais de aproveitamento diferenciado con respecto ao resto do monte.

Cabe sinalar, ademais do anteriormente exposto, que no caso de Isaura Acebedo Hermo se incoou un expediente sancionador MP-2002/96 por ocupación que se resolveu cunha multa, indemnización e a demolición do construído. Esta resolución deu lugar ao procedemento ordinario 165/05 en cuxa sentenza se obriga ao pagamento da multa e á demolición do construído.

Enrique Rodríguez Sobral pretende un enclave que non corresponde coa documentación presentada.

Evaristo Gómez Martínez non delimitou sobre o terreo as súas pretensións.

Jesús Fuentes Pérez, en representación de Arado. A superficie agora reclamada non corresponde coa documentación que presentou no seu día.

Polo que se refire ás reclamacións de Juan Otero Barreiro, en representación da comunidade de montes, non se poden admitir por non quedar probado o aproveitamento veciñal.

En consecuencia, despois de practicado o apeo sobre o terreo e vistas as reclamacións presentadas, o informe do Gabinete Xurídico Territorial e o informe da Comunidade de Montes, os predios que esta-

rían parcialmente incluídos dentro do perímetro dos montes Puntal e Mesachá serían os seguintes:

Predio cuxa documentación presentou Evaristo Gómez Martínez, José Fernández Pérez, Francisco Porto Sobrino, Josefa Generosa Álvarez Costas, Belén Sotelino Sotelino e Lino Pereira Acebedo en representación da súa Josefa Costas Piñeiro.

Os predios que quedarían totalmente incluídas no monte serían os seguintes:

Os presentados por Isaura Acebedo Hermo, Ricardo Míguez Fuentes, José Antonio Pereira Acebedo, María Aguión Peteiro, Juan Fernando Ribeiro Núñez, Enrique Rodríguez Sobral e Manuela Pérez Alcalde.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-De acordo co disposto nos reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, o conselleiro do Medio Rural é competente para ditar esta orde.

Segundo.-O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra é competente para levar adiante o devandito deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais canto á publicidade, notificación e demais requisitos exixidos nos artigos 82 ao 125 do Regulamento de montes, aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro.

Terceiro.-As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúen á propiedade destes ás comunidades veciñais, mentres non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria, segundo determina o artigo 30 do Decreto 260/1992, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación e o informe-proposta do xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais,.

DISPÓN:

Primeiro.-Aprobar o deslindamento dos montes veciñais en man común de Puntal e Mesachá, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Xesteira, parroquia de Arcade, concello de Soutomaio, de acordo coas actas, rexistro topo-

gráfico e planos que figuran no expediente, quedando os montes coas descrições seguintes:

Provincia: Pontevedra.

Nome: monte Puntal.

Concello: Soutomaio.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Xesteira.

Estremas:

-Norte: propietarios particulares.

-Sur: concello de Redondela e propietarios particulares.

-Leste: propietarios particulares.

-Oeste: dominio público ferroviario e propietarios particulares.

Descrición de estremas:

Perímetro exterior:

A estema norte comeza no piquete 49 do apeo e avanza con orientación sur ata o 99 en liña quebrada. Estremeiro neste tramo Juan Omil Pazos, Valentina Cayetano Cayetano, Isabel Parada Castellanos, Jesús Orge Álvarez, Pilar Orge Bouzon, Lorenzo Orge Bouzón, Luís Obelleiro Cota, José Antonio Dacuña Rodríguez, Emilio Vidal Álvarez, Juan Carlos Martínez Vidal, Lino Pereira Costas, Laureano Fontan Portela, Evaristo Gómez Martínez, María del Carmen Martínez Conde, Joaquina Martínez Sobral, Pedro Barreiro Lorenzo, Camila Costas Piñeiro, Josefa Costas Piñeiro, Belén Sotelino Sotelino e outros.

Do piquete 99 ao 113 toma dirección leste tamén en liña quebrada. Estremeiros neste tramo: Belén Sotelino Sotelino, María Puentes Pazos, Isabel Torres Juncal, Enriqueta Míguez Lage, Josefa Franco Martínez, Agustín Rivera, Juan Carlos Aguión Fernández, Josefa Generosa Álvarez Costas, Víctor Rodríguez Rodríguez, e outros.

Do piquete 113 progresa en dirección norte ata o 120 e logo ata o 4 con orientación leste. Estremeiros neste tramo: camiño asfaltado.

A estrema leste comeza no piquete 4 avanzando con orientación sur en liña quebrada ata o 31. Estremeiros Julio Rodiño Taboas, Sonia Rodiño Taboas, Josefa Dacuña Barreiro, Francisco Vilasantar Acebedo, M^a del Carmen Acebedo Hermo, Antonio Couto González, Guadalupe Vázquez Rivas, Luis Vázquez, Juan Lemos Aljan, Inés Martínez Pazo e outros.

A estema sur está delimitado entre os piquetes 31 e 35 progresando en dirección oeste. Estremeiros: dominio público ferroviario, José Vidal Franco e Francisco Porto Sobrino.

A estrema oeste discorrería entre os piquetes 35 e 49 con orientación norte. Estremeiros: dominio

público ferroviario, José Vidal Franco e Francisco Porto Sobrino.

Enclaves:

Enclave A. Predio cerrado situado na parte noroeste do monte Puntal, pertencente a: herdeiros de Hermida Lorenzo Rodríguez e Manuel Castellano Álvarez. Definida polos piquetes A1 ata o A12 como se describiu no apeo e como figura no plano do expediente de deslindamento.

Enclave B. Predio cerrado en parte situado na parte sur do monte Puntal, pertencente a Jesús Fuentes Pérez, herdeiros de Palmira, Carlos Míguez Seoane, Margarita Verde Vidal, Juan Fuentes Pérez e outros.

Definido polos piquetes: B1 ata o B16 como se describiu no apeo e como figura no plano do expediente de deslindamento.

Cabidas:

Cabida total do monte Puntal: 20,72 hectáreas.

Cabida dos enclaves:

Enclave A: 0,96 hectáreas.

Enclave B: 0,53 hectáreas.

Cabida do monte Puntal pertencente á Comunidade Veciñal da Xesteira: 19,23 hectáreas.

Provincia: Pontevedra.

Nome: monte Mesachá.

Concello: Soutomaior.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Xesteira.

Estremas:

-Norte, leste e oeste: propietarios particulares.

-Sur: concello de Redondela e propietarios particulares.

Descrición de estremas.

Perímetro exterior:

A estrema norte vai desde o piquete 108 ao 8 progresando en dirección leste en liña quebrada. Estremos: María Concepción Nogueira Borges, Evaristo Gómez Martínez, Rosa Míguez Bouga, Casilda Soto Vilar, Elisa M. C. Senra Míguez, e outros.

A estrema leste discorre entre os piquetes 8 e 66 en liña quebrada con orientación sueste. Estremos neste tramo: José Manuel Dacuña Pereira, Lidia Martínez Pereira, Adelaida Orge Míguez, Luís Lorenzo, Angelina Martínez Valladares, José Manuel Martínez Míguez, María Eulalia Lorenzo Lorenzo, Cristina Mayán Castellano, Francisco Alján, José Martínez Pérez, Basilio Vidal Franco, José Fernández Pérez, Manuel Orge Franco, herdeiros de Valentino Orge Franco, Antonio Martínez Falcón, Juan Conde Comesaña, Ramona Vidal Martínez, herdeiros de Manuel Martínez Blanco, Luis Martínez Mar-

tínez, Manuel Martínez Lorenzo, Francisco Míguez, Manuel Bouzón Fernández e outros.

A estrema sur quedaría delimitada polos seguintes piquetes do 66 ao 84. Estremos: concello de Redondela e particulares.

A estrema oeste avanza desde o piquete 84 ao 108 con orientación norte.

Estremos: Fernando Vázquez, Manuela Pérez Alcalde, herdeiros de Laura Fuentes Rodiño, M^a Milar Míguez Fuentes, Fernando Vázquez Rivas, Moisés Pérez Orge, Evaristo Sotelino Sotelino, José Fernández Pazo e outros.

Enclaves: ningún.

Cabidas:

Cabida total do monte Mesachá pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Xesteira: 8,11 hectáreas.

Servidumes.-Tanto o monte Puntal como o Mesachá están atravesados por camiños e pistas de servizo, así como tendidos eléctricos e de telefonía.

Dentro do perímetro deslindado de ambos os montes encóntranse 11 ocupacións denunciadas e sancionadas, sendo os infractores:

Luis Miguel Pazos Sobral, Manuela Pérez Alcalde, Isaura Acebedo Hermo, Dolores Álvarez Boullosa, Ricardo Míguez Fuentes, José Antonio Pereira Acebedo, Leonor Pereira Acebo, José Luis Barral Martínez, María Aguión Peteiro, José Manuel Dacuña Pereira e Juan Fernando Ribeiro Núñez.

Segundo.-Que se cancele total ou parcialmente calquera inscrición rexistral en canto sexa contradictoria coa descrición dos montes Puntal e Mesachá.

Terceiro.-Que se recoñezan como posuídos por particulares os enclaves A e B do monte Puntal de acordo coa descrición incluída no punto primeiro dos seguintes propietarios:

Enclave A: herdeiros de Lorenzo Rodríguez e Manuel Castellano Álvarez Hermida.

Enclave B: Jesús Fuentes Pérez, herdeiros de Palmira, Carlos Míguez Seoane, Margarita Verde Vidal, Juan Fuentes Pérez e outros.

Cuarto.-Declarar, expresamente, que no referente ás reclamacións de propiedade, esta resolución esgota a vía administrativa e queda expedita a xudicial civil.

Quinto.-Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao rexistro provincial de montes veciñais en man común de Pontevedra.

Sexto.-Que se inmatricule o monte coas características resultantes no Rexistro da Propiedade.

Sétimo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición

con carácter potestativo ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

AUGAS DE GALICIA

Corrección de erros.-Resolución do 17 de outubro de 2008 pola que se aproban os modelos de actas da inspección tributaria de Augas de Galicia.

Advertido erro, na devandita resolución, publicada no DOG nº 220, do mércores 12 de novembro de 2008, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 20.528, no Anexo II, onde di: «Acta de conformidade A02», debe dicir: «Acta de desconformidade A02».

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Resolución do 31 de decembro de 2008 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2008 polo que se aproba o cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, creou a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) configurándoa como un ente instrumental para a xestión das emerxencias segundo as instrucións emanadas do órgano administrativo que ten as facultades para a xestión das emerxencias e a protección civil (capítulo III, artigos 16 e ss).

A Axega ten natureza de entidade de dereito público con personalidade xurídica propia que somete a súa actuación ao ordenamento xurídico privado, agás cando exerza potestades administrativas, e está dotada con patrimonio propio e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins, tal como se describe no artigo 12.1º.1 b) do Decreto lexislati-

vo 1/1999, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A aprobación do cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias xustifícase pola necesidade de garantir o correcto desenvolvemento das competencias que ten atribuídas pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, así como polo Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da Axega.

De conformidade co artigo 9.2º g) do citado Decreto 223/2007, do 5 de decembro, corresponde ao presidente da Axencia Galega de Emerxencias propoñer ao Consello da Xunta a aprobación do cadro de persoal do ente público.

En consecuencia, por proposta do presidente da Axega, logo de coñecemento e aprobación do seu consello reitor, visto o artigo 14 do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, así como os informes emitidos pola Dirección Xeral da Función Pública e a Dirección Xeral de Orzamentos, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 30 de decembro de 2008, adoptou o seguinte

ACORDO:

Primeiro.-Aprobar o cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias.

Segundo.-Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte a ela.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 30 de decembro de 2008, relativo á aprobación do cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias, coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Presidente da Axencia Galega de Emerxencias

ANEXO

Cadro de persoal da Axencia Galega de Emerxencias

Posto	Grupo
Xerente	Alta dirección
Secretario/a Xerencia	Laboral grupo III
Conductor/a ordenanza	Laboral grupo IV
Secretario/a xeral	Funcionario, nivel subdirector
Unidade administrativa	Laboral grupo III
Unidade administrativa	Laboral grupo IV
Área de Xestión Económica e Financeira	Laboral grupo I
Área xurídica	Laboral grupo I
Secretario/a dirección	Laboral grupo IV
Unidade de apoio	Laboral grupo I
Unidade de análise de riscos	Laboral grupo I
Unidade administrativa	Laboral grupo IV
Área do CAE 112 Galicia	Funcionario/a adscrito/a
Xefatura de Sala de Información	Laboral grupo III adscrito/a
Xefatura de Sala de Plans e Operacións	Laboral grupo III adscrito/a
Área de Loxística e Tecnoloxía	Funcionario/a adscrito/a
Unidade de Informática	Laboral grupo I
Xefatura de Sala de Comunicacións	Laboral grupo III adscrito/a